




FERVENZAS DO CACHÓN

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Desde A Teixeira 3 km
Desde Castro Caldelas: 8 km
A pé: 800 m (ida e volta)

Dificultade: baixa
Duración: 30 minutos



Un curto paseo pola beira do Río dos Vaos, afluente do Edo (Sil) que discorre dando pinchos nun tramo encaixado entre un ben conservado bosque de ribeira.

COMO CHEGAR:

Pola estrada da Teixeira a Castro Caldelas, a 3 km da Teixeira crúzase o río dos Vaos e ao pé da ponte un leteiro indica Fervenzas do Cachón. En escasos dez minutos un camiño, que se fai carreiro, lévanos á máis alta, aínda que ao longo de todo o percorrido vense pequenos e numerosos saltos.



Fervenza no **Rego do Porto**, afluente do río dos Vaos (Edo-Sil).

Vense desde a estrada que vai de Castro Caldelas á Teixeira, pouco antes de chegar á do Cachón.

